



MEMORIA CONVIVENCIA E IGUALDADE

CURSO 2022/2023



IES RICARDO MELLA (Vigo)



Índice:

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ÁMBITOS DE TRABAJO E OBXECTIVOS PARA O CURSO ESCOLAR 2022-2023	3
3. ÁREA DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E MEDIACIÓN.....	4
4. . ÁREA DE INCLUSIÓN E INTEGRACIÓN.....	9
5. ÁREA DE IGUALDADE, PREVENCIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA E DIVERSIDADE. ...	13
5.1. FALADOIROS E TALLERES DE AULA.....	13
5.2. CLUB DE LECTURA DE IGUALDADE	28
5.3. O TRABAJO REALIZADO POLO ALUMNADO	31
6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN UTILIZADOS E RESULTADOS OBTIDOS.....	41



1. INTRODUCCIÓN

O Plan de Convivencia do centro establece a necesidade de constituír unha Comisión de Convivencia formada por persoas que representen a todos os grupos que integran a comunidade educativa. Pendentes de crear esa Comisión de Convivencia, e co afán de traballar o bo trato, a inclusión de todos os grupos e valores como a igualdade e o respecto, dende Dinamización de Convivencia Escolar e Igualdade, e coa colaboración de Vicedirección e Xefatura de Estudos, do Departamento de Orientación e dos grupos de traballo do Proxecta Donas de Si e do Contrato Programa Iguala-T propuxéronse diferentes faladoiros, actividades de aula e de centro e obradoiros cos que se pretendeu mellorar as relacións interpersoais e a convivencia dentro do noso Instituto.

2. ÁMBITOS DE TRABAJO E OBXECTIVOS PARA O CURSO ESCOLAR 2022-2023

Tal e como se indica na Introducción desta Memoria, o traballo para a mellora da Convivencia plantexouse dende a colaboración entre diferentes persoas e departamentos do centro. Así, as tres áreas ou eixes fundamentais sobre os que se vertebrou todo o traballo no ámbito da Convivencia foron as seguintes: distribuíronse como segue:

- ✚ **RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E MEDIACIÓN.** Este área foi asumida polo departamento de Orientación (Pilar Guzmán Valencia e Tamara Fernández Morgade), apoiado pola Xefatura de Estudos de diúrno (Patricia Miranda Blanco).
- ✚ **INCLUSIÓN E INTEGRACIÓN.** Esta parte foi asumida principalmente polo PT de Atención Preferente (Rebeca Santos Domínguez), co apoio da Vicedirección (Josefa Teijeiro Méndez).
- ✚ **IGUALDADE, PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E DIVERSIDADE SEXUAL.** Área asumida pola responsable de Dinamización da Convivencia (Raquel Martínez Rivas), xunto cos grupos de traballo do Proxecta e do Contrato Programa e a Vicedirección.

Todo o traballo desenvolvido levouse a cabo coa intención de contribuir á consecución dos seguintes obxectivos xerais plantexados no mencionado Plan de Convivencia:

- a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro
- b) Concienciar e sensibilizar á comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
- c) Fomentar nos centros educativos os valores , as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres



- d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilízalos como fonte de experiencia e aprendizaxe
- e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente de acoso escolar, violencia de xénero, actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
- f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
- g) Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas h. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.
- h) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a una convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.

Para alcanzar os obxectivos plantexados realizáronse varias xuntanzas o longo do curso escolar para a coordinación e desenvolvemento das actividades propostas de cada unha das partes presentadas. Aproveitáronse as reunións de Orientación e as reunións dos grupos de traballo dos programas Proxecta e Contrato Programa.

3. ÁREA DE RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E MEDIACIÓN.

O traballo desenvolvido neste apartado parte do análise da situación de partida, para proceder logo á adopción de medidas e á proposta de melloras para o próximo curso.

TIPOS DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

Identifícanse dous tipos de condutas contrarias á convivencia:

Cando falamos do “mal comportamento” na aula, en xeral, temos diferenzas de criterios acerca da gravidade das condutas do noso alumnado. Estas diferenzas se deben a distintas opinións persoais pero tamén a diferentes niveis de tolerancia emocional. Incluso pode pasar que nunha mesma persoa esa tolerancia varíe dun día a outro ou dun momento a outro dependendo do seu estado físico ou emocional. Aínda que é difícil chegar a un acordo neste tema, pódese diferenciar entre condutas menos graves ou disruptivas e condutas máis graves ou violentas.

As **condutas disruptivas** son condutas pouco apropiadas que alteran o proceso de ensino e aprendizaxe: supoñen unha dificultade de ensinar por parte do profesorado e unha dificultade de aprender por parte do alumnado. Atopamos as seguintes condutas:

- Relacionadas co currículo: falta de hábitos de traballo, non realización dos deberes, despreocupación polo material ou equipamento, pasividade ou inactividade na aula.
- Relacionadas cos/as compañeiros/as: mentir ou falsear a realidade, mostrar incapacidade para o diálogo, interromper aos demais, facer bromas constantemente.



- Relacionadas co profesorado: mentir, falar ou xogar cando o profesor está a falar, levantarse ou recoller sen permiso do profesorado.
- Relacionadas co centro: chegar tarde, deambular polos corredores nas horas de clase, saír do centro nos recreos en caso de menores de idade.

As **condutas violentas** pódense dirixir ás cousas, como no caso do vandalismo, ou ás persoas como no caso do bullying, acoso ou malos tratos entre iguais.

- Vandalismo: comportamentos ou actitudes de destrución e devastación no mobiliario, edificios ou recursos materiais dun centro, por exemplo: pintar pupitres, portas ou paredes, romper cristais intencionadamente ou estragar o material educativo de uso común.
- Bullying: situacións reiteradas, dilatadas no tempo, de intimidación, ameaza, agresión ou abuso, que sofre unha persoa como consecuencia da acción doutra persoa ou dun grupo. É preciso que na relación entre vítima e agresor exista sempre un desequilibrio de forzas.

As condutas violentas baséanse nun modelo de convivencia baseado no dominio e na submisión, no cal as persoas carecen de empatía e consideran a violencia como un instrumento lexítimo para conseguir os seus obxectivos. Este modelo baséase nun modelo de relación asimétrica, un desequilibrio de poder no cal se impón a forza dun sobre o outro. Xeralmente estas condutas non son innatas senón aprendidas no seo dun contexto familiar e/ou social pouco axeitado. Segundo as condutas amosadas, podemos falar de tres tipos de acoso:

- Físico: empuxóns, golpes, esconder ou roubar cousas doutras persoas.
- Verbal: poñer alcumes, falar mal, enviar mensaxes ao móbil.
- Relacional: exclusión deliberada do grupo (deixar de falar a alguén, non ter en conta para xogos ou actividades de traballo escolar).

DIAGNÓSTICO DA CONVIVENCIA DO CENTRO (CURSO 22/23)

Os conflitos que se dan con maior frecuencia na aula son os seguintes:

- Alumnado que interrompe o ritmo habitual da aula.
- Alumnado desmotivado que non atende, con actitude pasiva.
- Alumnado que non traen o material necesario ou veñen coa tarefa sen facer.
- Alumnado que insulta ou se enfronta con outros alumnos, especialmente en primeiro ciclo da ESO e 1º FP Básica.

O tipo de agresións máis frecuentes entre o alumnado son:

- As verbais (insultos, ameazas), de xeito persoal e sobre todo, mediante redes sociais.
- Illamento, rexeitamento, presión psicolóxica (rirse de, meterse con)
- En menor medida, as agresións físicas e de forma case testimonial, os chantaxes, roubos, destrozos.
- Algúns casos de racismo (2º e 3º ESO).

Destacar que durante o presente curso non se detectaron casos de homofobia.



Con respecto a cando e onde se dan con maior frecuencia as agresións e intimidacións entre o alumnado, son varios os lugares en que se poden producir os conflitos:

- ❖ Pasillos, entre clase e clase
- ❖ No recreo
- ❖ Saída e entrada do centro
- ❖ Autobús escolar
- ❖ Aula, en menor medida por estar o profesor/a presente
- ❖ Fóra do recinto escolar pero que afectan á convivencia no centro

En canto ó número de partes de conduta abertos ao longo do curso 22/23 destacan os conflitos en catro cursos: 1º ESO, 2º ESO, 1º FPBE e 1º FPBA. En definitiva, a maior parte dos problemas de convivencia se concentran nos dous primeiros cursos de ESO e nos primeiros de FPB, neste último caso por estar nunhas ensinanzas que non corresponde aos seus intereses, desmotivación, falta de hábitos de estudos así como escasa implicación da familia na súa formación.

En canto á ESO, o alumnado máis conflictivo concentra os seguintes motivos da súa conduta contraria ás normas de convivencia: desmotivación, falta de interese e de hábitos de traballo, escasa implicación da familia na súa formación (dato observable na falta de interese por realizar un seguimento do comportamento e traballo do seus fillos), falta de control das súas reaccións ante a autoridade, a negativa a seguir as normas de convivencia, tendencia a querer ser o centro de atención poñendo en evidencia ao profesorado ou faltándolle ao respecto, uso descontrolado do móbil, indiferencia ante as consecuencias dos seus actos, que non asumen como problemáticos ou preocupantes...

Cabe destacar a apertura de 8 expedientes disciplinarios por diversas causas: agresións físicas e verbais, reiteración de faltas leves ao longo do curso, , insultos e intimidacións entre alumnado, faltas de respecto leves e graves ao profesorado, gravación de vídeos non autorizada na aula e colgalos en Instagram sen permiso...

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS RECOLLIDOS NO PLAN DE CONVIVENCIA

1. Conseguir a integración de todos os membros da comunidade escolar sen discriminación por razón de raza, sexo, crenza, relixión o calquera outra circunstancia persoal ou social.
2. Priorizar na educación os valores e o respecto a dignidade e a integridade, as ideas, crenzas e intimidade de todas persoas
3. Sensibilizar a todos os membros da comunidade educativa sobre a gravidade do tema da intimidación e o acoso.
4. Previr e tratar as situacións de acoso escolar que poidan producirse.
5. Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns nos que se traballe na toma de conciencia da existencia de conflitos en todos os ámbitos da vida e a necesidade de afrontalos de modo non violento.
6. Promover a investigación sobre o estado actual da convivencia no centro, para mellorar o coñecemento sobre o fenómeno da violencia escolar, así como para avaliar as iniciativas e intervencións que se emprendan.



7. Diseñar as medidas de intervención para a solución de conflitos de convivencia.
8. Promover a implicación das familias na transmisión de valores que favorezan a convivencia, e fomentar ao máximo a súa participación nas actividades do centro encamiñadas a mellorar a convivencia na familia, no centro e na sociedade.
9. Desenvolver unha coordinación adecuado entre o equipo docente para que se poida dar unha boa convivencia na aula, fixando uns obxectivos básicos e unha actuación coherente nunha mesma liña de traballo.
10. Insistir na necesidade do respecto a unas normas básicas para a mellor convivencia na aula e no centro: puntualidade, dereito ó estudo dos compañeiros, coidado das instalacións, evitación de condutas contrarias á hixiene e a saúde

ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PLAN PARA FAVORECER A CONVIVENCIA: MEDIDAS PREVENTIVAS E DE SENSIBILIZACIÓN E ACTUACIÓNS ORGANIZATIVAS

Actuacións preventivas para favorecer a convivencia prevista no Plan de Acción Titorial, como por exemplo xornadas de acollida, elaboración das normas de convivencia do grupo clase, desenvolver habilidades de comunicación no alumnado, fomento de valores democráticos e anti-bullying, fomento de la participación na vida do centro ...

REGULACIÓN DA AULA DE CONVIVENCIA

Este curso logrouse que todos os membros do Departamento de Orientación tiveran unha garda de recreo na Aula de Convivencia de forma que se puidera traballar co alumnado e reflexionar sobre os motivos que os levaron a estar nesa aula. A maiores, elaborouse un protocolo de actuación para o profesorado que estivera de garda na aula de convivencia, que é o seguinte:

- a) Pedir que o/a alumno/a elabore unha narración do feito de forma escrita ou oral.
- b) Recordarlle que a narración debe describir os feitos pero non pode incluír xuízos de valor acerca de compañeiros/as ou profesorado.
- c) Preguntar se o/a alumno/a pensa que a súa actuación podía ter sido diferente.
- d) Se responde afirmativamente, solicitarlle que describa o comportamento adecuado.
- e) Valorar se o/a alumno/a amosa arrependimento polo sucedido.
- f) Cubrir os datos solicitados no rexistro da aula de convivencia: día, hora, nome do/a alumno/a, nome do/a profesor/a de garda, tempo de permanencia na aula de convivencia, actitude xeral do/a alumno/a.

Despois dun período de tempo de entre 20 e 30 minutos, se o profesorado de garda valora que o/a alumno/a acadou a tranquilidade necesaria para estar novamente na aula, deberá acompañalo e ofrecer a súa axuda ao profesor/a que está na clase, coa posibilidade de permanecer nela brindando apoio o tempo que sexa necesario, especialmente na FPB e se ambos docentes están dacordo.

Este curso escolar 56 alumnos/as acudiron, de forma recorrente, a aula de convivencia.



MECANISMOS DE COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS OU ORGANISMOS (NON ESPECIFICADOS NO PLAN)

Accións recollidas no Plan de Convivencia para desenvolver o principio de Igualdade entre mulleres e homes. Actuacións recollidas no Plan de Igualdade e no Plan de Acción Titorial.

Medidas organizativas de centro:

- Establecer medidas de igualdade e de atención á diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar nos documentos de organización do centro: PE, PC e PAT.
- Implantar a paridade, sempre que sexa posible, na elección de delegados/as do alumnado.
- Intentar lograr a paridade nos órganos de dirección do centro e nas xefaturas dos departamentos didácticos.
- Ter un taboleiro que recolla información de interese sobre igualdade de xénero e de diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar.
- Fomentar un uso da linguaxe non sexista.
- Promover a formación en igualdade de xénero entre o profesorado e o alumnado.

Medidas de concienciación:

- ✚ Facilitar materias de apoio e recursos didácticos para que nas titorías e o profesorado poidan traballar a igualdade e a diversidade afectivo-sexual, de xénero e familiar na aula.
- ✚ Promover a libre elección dos estudos sen que exista ningún condicionamento de sexo ou xénero á hora de elixir as ensinanzas, sobre todo as de carácter profesional, as máis sesgadas polo sexo ou xénero.
- ✚ Incrementar os materiais dispoñibles na biblioteca do centro con películas, títulos, material coeducativo e relativo á diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- ✚ Organizar obradoiros, charlas, coloquios e actividades relacionadas coa igualdade de xénero, contra a violencia sexista, coa LGTBIfobia promovidas dende institucións públicas (Concello de Vigo, por exemplo) e asociacións (Nós mesmas, por exemplo), coa axuda e colaboración do Observatorio da Igualdade do centro.
- ✚ Organizar e realizar actividades en efemérides concretas: por exemplo, 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia cara á Muller; 11 de febreiro, Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia; 22 de febreiro, Día Internacional pola Igualdade Salarial entre Homes e Mulleres; semana do 8 de marzo, Día da Muller
- ✚ Visibilizar para toda a comunidade educativa todas as actividades celebradas no centro mediante a súa exposición, ben no centro educativo, ben na páxina web



- ✚ Fomentar a realización de xuntanzas con institutos da contorna para alumnado, profesorado... que permitan compartir inquiredanzas, actuacións, intercambio de ideas...

AVALIACIÓN, PROPOSTAS DE MELLORA, OBSERVACIÓNS E CONCLUSIÓNS

A Comisión de Convivencia realizará o seguimento e a coordinación do Plan de Convivencia, ao finalizar o curso, o Consello Escolar avaliará dito Plan e elevará ao Equipo directivo propostas de mellora que, xunto as do claustro, serán tidas en conta para actualización do mesmo.

O Consello Escolar, no seu informe anual de convivencia, feito coas aportacións da Comisión de Convivencia, analizará aspectos tales como: actividades realizadas, recursos empregados, porcentaxe de correccións impostas, formación relacionada coa convivencia, asesoramento recibido.

Propostas de mellora:

Para o vindeiro curso escolar estase valorando por en marcha un Plan Permanente do Profesorado para traballar e formarnos nas prácticas restaurativas. A maiores, tamén solicitaremos participar no CP Convive-T xa que esperamos que todas estas accións axuden a mellorar o clima de convivencia do centro, un aspecto que se considera fundamental.

Por que as prácticas restaurativas? O conflito é inevitable pero é un proceso natural, pode ser un factor positivo para o cambio e as relacións. O conflito é parte do cambio.

A hipótese fundamental das prácticas restaurativas é que as persoas teñen mais posibilidades de facer cambios positivos cando as persoas que están en situación de autoridade fan cousas CON eles, en lugar e CONTRA eles. O seu obxectivo é desenvolver sentido de comunidade, relacións sas e fortes, así como aprender a xestionar os conflitos de forma proactiva e restaurativa.

Dentro das prácticas restaurativas destacan os círculos de diálogo, que poden ser empregados como ferramenta para crear comunidade, mellorar a convivencia ou resolver conflitos (círculos restaurativos).

4. . ÁREA DE INCLUSIÓN E INTEGRACIÓN.

O traballo de Inclusión e a Integración dirixiuse fundamentalmente ás comunidades minoritarias como a xitana, con bastante alumnado en niveis como 2º ESO, e a colectivos vulnerables como as persoas con discapacidade, tamén con presenza no centro.

As actividades relacionadas coa inclusión e a integración e desenvolvidas durante este curso estiveron organizadas polo profesorado técnico - especialista e de apoio dentro da aula (Rebeca Santos Domínguez) xunto con algunha titoría (Susana Piñeiro Teijeiro - 4º ESO) en coordinación con Igualdade.

As propostas levadas a cabo foron as seguintes:

- **Secretariado Xitano de Vigo impartiu no noso centro o Faladoiro “Novas mulleres Xitanas” para 2º ESO, impartido por persoal do Secretariado Xitano de Vigo.** Segundo da




ESO é un grupo onde hai un alto número de alumnado xitano, principalmente nenas. É moi importante promover entre estas alumnas a continuidade nos estudos. As mozas xitanas concentran un elevado porcentaxe de abandono escolar, moitas veces pola incorporación ao traballo familiar a partir dos 16 anos e noutras ocasións porque casan e comezan a ter crianzas moi novas.

Fomentar a autonomía e a independencia entre estas mozas é moi importante, e para iso traballan Asociacións como o Secretariado Xitano, intentando favorecer a continuidade da formación académica entre mozas e mozos (sobre todo mozas, que as que máis abandonan os estudos) para que estas rapazas poidan ter unha saída profesional que lles permita valerse por si mesmas.

Ademais das explicacións de Zaida Jiménez, técnica en igualdade do Secretariado Xitano, na sesión do faladoiro contamos cos relatos de dúas mozas xitanas recen incorporadas ao mercado laboral, que a través duns vídeos explicaron a importancia da formación para o propio desenvolvemento persoal e a satisfacción que supón poder valerse por unha mesma.

<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/empoderamento-da-muller-xitana-o-20-de.html>



➤ **Mesa Redonda “Muller e dobre discriminación”** para 4º ESO, 1º BACH, 1º CS AF e 1º CS IDMN. Participaron na mesa redonda:



- Ana Martínez de AXPANAEX (asociación de persoas con discapacidade psíquica), mestra especialista en pedagogía terapéutica;
- Zaida Jiménez do Secretariado Xitano, técnica en igualdade da Fundación Secretariado Xitano en Vigo;
- Laura Ferreira da Asociación FARAXA pola abolición da prostitución, que axudan e asesoran ás vítimas de trata, explotación sexual e redes de proxenetas, e mulleres prostituídas entre outras;
- e Lola Pulleiro, antiga alumna do centro, estudante de Enfermaría e activista trans.

Todas elas falaron en representación de catro dos moitos colectivos vulnerables que existen, e puxeron de manifesto a dobre discriminación que sofren as mulleres que pertencen a estes colectivos, xa que á pertenza ao colectivo súmase o feito de ser muller.

Puxeron sobre a mesa a importancia e a necesidade de avanzar na integración de certos colectivos máis vulnerables, que por razón da súa cultura, das súas características persoais, circunstancias físicas e/ou psíquicas, etc, son xulgadas socialmente e/ou discriminadas á hora de acceder a un traballo, á hora de relacionarse cos demais.

<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/mesa-redonda-muller-e-dobre.html>

Mesa de Mulleres "A dobre discriminación"





Mesa de Mulleres "A dobre discriminación"



- Por segundo ano consecutivo realizouse no centro o taller "Signar nas Aulas" para 1º ESO, da man de Laura T. Puentes García.



Obradoiro Signar nas Aulas





Novamente se traballou co alumnado máis cativo do centro a importancia de coñecer a lingua de signos, e a sensibilización co colectivo de persoas xordas, discapacidade que está moi presente no centro xa que hai varias persoas (alumnas e alumnos) que se atopan nesta situación: persoas xordas, algunhas delas con implantes, que moitas veces se ven limitadas pola imposibilidade de comunicarse ou de ser entendidas xa que o resto de sociedade non se preocupa de aprender o máis básico.

<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/signar-nas-aulas-integracion-da.html>

5. ÁREA DE IGUALDADE, PREVENCIÓN DA VIOLENCIA MACHISTA E DIVERSIDADE.

O traballo realizado durante este curso en relación coa promoción da igualdade e o respecto pola diversidade afectiva e/ou sexual e a prevención da violencia machista organizouse fundamentalmente en torno ao desenvolvemento de varios programas de innovación educativa da propia Consellería de Educación, principalmente dous: PROXECTA DONAS DE SÍ e CONTRATO PROGRAMA IGUALA-T. Pero tamén o PROXECTA XENTE CON DON e o PROXECTA ALIMÉNTATE BEN, a través de varias actividades desenvolvidas nestes programas, contribuíron a favorecer a promoción da igualdade e o respecto pola diversidade, así como a traballar cuestións como a autoestima, os canons de beleza e o respecto e aceptación dos corpos.

Para unha mellor e máis clara exposición do traballo realizado neste eido, todas as actividades desenvolvidas durante o curso organízanse e tres grandes grupos:

- 🚦 Faladoiros e Obradoiros.
- 🚦 Club de Lectura de Igualdade
- 🚦 Traballo realizado polo propio alumnado dentro das aulas.

A continuación vaise explicando todo o realizado dentro de cada un dos bloques ou grupos mencionados anteriormente.

5.1. FALADOIROS E TALLERES DE AULA.

A coordinación de Igualdade solicitou e coordinou ao longo do curso o desenvolvemento de dous Programas de Innovación Educativa: un deles o Contrato Programa Inclúe, e dentro deste a liña “CP Iguala-T” e o outro o Proxecta “Donas de Sí”. Algunhas das actividades realizadas ao longo do curso foron as seguintes:

🎨 **Obradoiros impartidos por persoal do centro Quérote+ de Vigo. Os grupos e os talleres que se levaron a cabo foron:**

- Con 3º ESO: **“Imaxe persoal e autoestima”**
- Con 2º ESO **“Quen é Quérote+?”**
- Con 1º FP Básica Administrativo e Electrónica: **“Sexualidade e Adolescencia”**

O obxectivo destes faladoiros foi dar a coñecer entre a mocidade os centros Quérote+, como un recurso que ofrece a Consellería de Política Social e Xuventude, explicando cales son os servizos que ofrecen estes centros.



A maiores con 3ºESO tocaron temas moi sensibles entre a rapazada, sobre todo entre as mozas, como é a preocupación de gustarlles aos demais e como pode afectar na súa estima o feito de que os seus corpos, as súas aparencias, os seus físicos poden afectar moi seriamente á súa estima.

Tamén se falou de sexualidade, de como se constrúen as relacións sexuais entre a xuventude, de como afrontar a sexualidade nunha etapa tan complicada como é a adolescencia.



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/06/querote-no-instituto-o-25-de-outubro-2.html>

Obradoiros do “Plan Director” sobre Novas Tecnoloxías con 2º, 3º e 4º ESO, e con FP Básica (familias administrativo e electrónica), impartidos pola policía nacional.

Con estas accións preténdese que o alumnado tome conciencia dos riscos que existen nos eidos dixitais, das consecuencias negativas do mal uso das redes sociais ou do dispositivo móbil e dos delitos cibernéticos dos que poden ser vítimas se non prestan atención ou non son coidadosos ou coidadosas cando se relacionan a través das redes con persoas que non coñecen.

Tamén se falou da cyberbullying, de como o acoso que sofren moitas crianzas non para cando se sae da escola, senón que continúa nos fogares a través dos grupos de Whatsapp ou a través de Instagram ou Twitter, por citar algunha rede.



Plan Director para convivencia e a me... centros educativos e nos seus contorn...



Datos de contacto

<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/06/nova-edicion-do-plan-director-novas.html>

🎨 Obradoiros de Presentación, Proba e Avaliación da Ferramenta Dixital “IA4Women”

desenrolada por investigadoras do grao de Enxeñaría de Telecomunicación da Universidade de Vigo para 2º ESO, 1º CM TCAE Ordinario, 1º CS STI e 1º CS IDMN.

Rebeca Díaz Redondo e Ana Fernández Vilas, ambas investigadoras deatlanTTic e docentes da Escola de Enxeñaría de Telecomunicacións da UVigo, visitaron o centro para presentarnos o [Proxecto IA4Women](#). IA4Women é unha ferramenta web de Intelixencia Artificial para mulleres que permite analizar, mediante técnicas de procesado da linguaxe natural e machine learning, comentarios machistas nas redes sociais. Segundo a porcentaxe de violencia que haxa nos comentarios, un semáforo establece unha cor en función do seu grao.

O proxecto, no que participaatlanTTic xunto a DATASALUS, está financiado pola Cátedra Feminismos 4.0 da Deputación de Pontevedra ea Universidade de Vigo. O alumnado puido testar a ferramenta, comprobando como pode detectar nun vídeo ou nun texto se existen comentarios machistas ou sexistas.



<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/06/intelixencia-artificial-contra-o.html>

Faladoiros “ENLAZA VIGO” desenvolto polo Concello de Vigo para a prevención da Violencia de Xénero. Asistiron 3º e 4º da ESO, 1º CM XA-A, 1º CM XA-B, 1º CM TCAE Ordinario, 1º CM IT. Outro ano mais persoal do Enlaza Vigo desprazouse ao centro para impartir varios faladoiros nos que se pretende sensibilizar á






mocidade fronte ao machismo, as condutas sexistas, a violencia contra as mulleres en todas as súas formas e a violencia sexual, unha das violencias machistas máis presentes entre a mocidade.

<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/06/enlaza-vigo-202223-mozas-e-mozos-contra.html>

🎨 **“Feira Educativa do Enlaza Vigo”**. Nesta feira convídase a 12 centros educativos de Vigo a participar no acto e ponse a disposición de cada un deles un espazo expositivo no que poden montar un stand onde se visibiliza o traballo realizado nos centros de ensino, no marco da sensibilización, a educación en igualdade e a prevención da violencia de xénero. Os centros participantes coordinan coa organización os recursos necesarios e a dinámica a seguir no espazo expositivo.

Esta ano, igual que outros pasados, o IES Ricardo Mella tamén participou e dispuxo dun stand expositivo na feira, onde se achegou material resultado de traballar a igualdade, a diversidade e a prevención da violencia noutros cursos pasados. Os resultados:



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/06/enlaza-vigo-202223-mozas-e-mozos-contra.html>

🎨 Di a RAE que Femicidio é o asasinato dunha muller a mans dun home por machismo ou misoxinia. Carme Adán fala de violencia contra as mulleres e de como o patriarcado non da tregua e continúa na procura de novas formas de manter a submisión das mulleres, e faino no seu **libro “Femicidio”**.



Aproveitando que o mes de novembro dedicámolo a Carme Adán, como muller referente na loita feminista, alumnado de Ciclos (1º curso IDMN, 1º curso STI, 1º curso Xestión Administrativa) participou na lectura corrida do libro, e posteriormente **o 7 de decembro Carme Adán visitou o noso centro e desenvolveu o Faladoiro “Violencias Machistas: Balance e Retos”**, ao que asistiron o alumnado de 1º CM XA-A, 1º CM XA-B, 1º CS STI e 1º CS IDMN.

Carme falounos sobre o traballo que se leva feito na loita contra o machismo, fíxose balance sobre os avances do feminismo e tamén púxose enriba da mesa todo o traballo que queda por facer, cales son os novos desafíos.

Xornada para reflexionar sobre a sociedade na que vivimos e na que queremos vivir.....



<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/07/violencias-machistas-balance-e-retos.html>

🎨 **Faladoiro sobre a Endometriose, impartido pola Asociación “Querendo”** de Mulleres vítimas desta doenza.

Con esta actividade o que se pretendía era poñer de manifesto os nesgos que existen na Medicina á hora de diagnosticar unha doenza, sobre todo cando se refiren a enfermidades que son propias das mulleres.



A Endometriose é unha doenza que afecta so ás mulleres, e en moitos casos os síntomas banalizanse ou non se presta á atención debida o que acaba derivando en situacións moito máis graves.

Unha das principais demandas é que se fagan as probas diagnósticas necesarias, na mesma medida que se realizan aos homes, en lugar de que derivar ás vítimas aos profesionais da saúde mental sen facerlles unha triste exploración, só polo feito de ser mulleres.

Participaron os cursos de 1º e 2º do ciclo superior de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear.



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/negos-na-medicina-endometriose-o-27-de.html>

Obradoiros co alumnado de 4º ESO sobre “Empoderamento Feminino” e “Masculinidades Disidentes”, impartidos por Pepe Cabido e Sonia Fernández.

Deste xeito os mozos por unha banda con Pepe faloron sobre a concepción patriarcal da masculinidade, sobre como se constrúe o imaxinario masculino e as consecuencias de non encaixar nese imaxinario, poñendo en valor as masculinidades feministas, diverxentes, as masculinidades que se apartan do concepto tradicional de home. Por outra banda as nenas, xunto con Sonia, faloron de empoderamento feminino e sexualidade feminina.



"Masculinidades Disidentes e Empoderamento Feminino"



<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/07/empoderamento-feminino-e-masculinidades.html>

🎉 Co gaio da muller e a nena na ciencia, leváronse a cabo varias actividades no centro dentro da iniciativa 11F. Así:




- **O 8 de febreiro: Faladoiro "11F: Muller e Ciencia"** na que Karina Pitombeira Pereira Pedro, fisioterapeuta e investigadora da Universidade de Vigo, visitou o noso centro para presentar ao alumnado do Ciclo Superior de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear as investigacións levadas a cabo para a súa tese, e de como implementar a tecnoloxía no día a día das persoas profesionais da saúde.

Para iso achegou unha serie de aparellos nos que a tecnoloxía facilita a medición das variables físicas humanas, favorecendo a mellora dos diagnósticos e os tratamentos. Con isto pretendía achegar o saber científico e tecnolóxico aos estudos encamiñados ao traballo na sanidade, moi feminizado e onde predominan os coidados.

Karina pretende fomentar en traballos como o de fisioterapia a investigación e a innovación tecnolóxica, materializándose en tratamentos adaptados onde a tecnoloxía úsase como ferramenta de recollida de datos.



"Nena, muller e ciencia - Conmemoración do 11 F"



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/11f-conmemoracion-do-dia-da-nena-e.html>

- O 10 de febreiro as alumnas de 3º e 4º ESO desprazáronse á Universidade de Vigo, para asistir á xornada “ELAS FAN CIENCIA” e participar nunha serie de Obradoiros organizados pola Unidade de Cultura e Ciencia da Universidade con motivo do 11F (Día internacional da muller e a nena na ciencia). Asistencia aos obradoiros desenvoltos na Facultade de Teleco. Os obradoiros nos que participaron foron:

- ✚ **Detectives de imaxes:** cada vez máis nos atopamos con deepfakes e imaxes manipuladas que axudan a difundir información falsa na rede. Aínda que algunhas destas edicións nos poidan parecer moi convincentes, o procesado de imaxe permítenos botar unha ollada máis aló do que ven os nosos ollos, e con sorte, atopar inconsistencias que nos axuden a diferenciar o que é real e o que non o é. Así, neste obradoiro as alumnas recibiron unha pequena introdución ao amplo mundo do análise forense de imaxes, onde puideron explorar o funcionamento dalgunhas ferramentas que existen para a detección de manipulacións e xerar as súas propias edicións para poñelas a proba.
- ✚ **Programación dun xogo con Scratch:** as rapazas programaron un pequeno videoxogo usando Scratch, para o que fixeron uso de función lóxicas común en programación como os bucles, os condicionas, o uso de obxectos. Fíxoselles unha enquisa para que elixiran entre dous videoxogos que se poden programar e logo se lles ensinou a programalo: definen unha personaxe, un escenario e un reto.



- Introducción á programación web e ao seu funcionamento: neste obradoiro aprenderon a programar unha páxina web en linguaxe HTML usando Froala, un editor online HTML de balde, concretamente, un perfil de Instagram dunha científica relevante no ámbito TIC. Proporcionóuselles material gráfico e biográfico de catro científicas para que pUidesen escoller: Joan Clarke, Margaret Hamilton, Hedy Lamarr y Ada Lovelace.

"Nena, muller e ciencia - Visita á Escola de Teleco da Universidade de Vigo"



"Nena, muller e ciencia - Visita á Escola de Teleco da Universidade de Vigo"





Nena, muller e ciencia - Visita á Escola de Teleco da Universidade de Vigo



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/11f-conmemoracion-do-dia-da-nena-e.html>

- O **13 febreiro** desenvolveuse no centro o **Faladoiro “As nenas e os estudos de ciencias”**, para 4º ESO, impartido por Rebeca Díaz, profesora e investigadora da Facultades de Teleco, en Vigo.

As nenas e os estudos de ciencias con 4º ESO





<https://construindoigualdademella.blogspot.com/2023/07/11f-conmemoracion-do-dia-da-vena-e.html>

Semanas 10 a 24 febreiro: Durante as semanas do 10 ao 24 de febreiro tivemos no instituto a **Exposición "A violencia sexual na xuventude"** (préstamo do concello de Vigo). A dita exposición consta de dez paneis. Cada panel está numerado, e co seu título, segundo o contido:

- No panel 1 inclúense os créditos;
- no panel 2 inclúe a identificación da violencia sexual;
- no panel 3 os tipos de violencia sexual;
- nos paneis 4 e 5 sinálanse as consecuencias e como recoñecela para poder afrontar esta situación;
- panel 6 vai dirixido ao grupo, e responde á pregunta de como podemos axudar? ou que podemos facer?;
- panel 7 está pensado para que o alumnado reflexione sobre a forma de relacionarse (identifica situacións e actitudes de violencia e control);
- no panel 8 defínese a violencia de xénero, pois a violencia sexual é unha das súas manifestacións;
- e finalmente os paneis 9 e 10 son positivos, son claves para que mozos e mozas manteñan relacións en igualdade e liberdade.

Exposicións A violencia sexual na mocidade

The exhibition consists of 10 panels, each with a title and content:

- Panel 1:** Credits and introductory text.
- Panel 2:** Identification of sexual violence.
- Panel 3:** Types of sexual violence.
- Panel 4:** Consequences and how to recognize them to face the situation.
- Panel 5:** How to recognize sexual violence and how to help.
- Panel 6:** Group-oriented panel about how we can help or what we can do.
- Panel 7:** Reflection on the way of relating (identifying situations and attitudes of violence and control).
- Panel 8:** Definition of gender violence, as sexual violence is one of its manifestations.
- Panel 9:** Positive panel about maintaining relationships in equality and freedom.
- Panel 10:** Positive panel about maintaining relationships in equality and freedom.



Para fomentar e facilitar traballar a exposición entre o alumnado, a profesora Mayca Rivas elaborou unha ficha que se distribuíu entre o as titorías

<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/07/violencia-sexual-na-xuventude.html>

No mes de febreiro (16 de febreiro) organizouse un **faladoiro sobre representación laboral, sindicación, fenda salarial e acoso sexual e por razón de sexo no traballo**, impartido por unha representante do sindicato CIG.

O faladoiro desenvolveuse no Salón de Actos do Centro, durou 100 minutos e asistiron o alumnado de 1º CS IDMN, 1º TCAE Dual, 1º CS AF, 1º CS AD e 1º Xestión Administrativa.

Con este faladoiro pretendíase poñer sobre a mesa a discriminación que continúan a sufrir as mulleres polo feito de ser mulleres, tanto a nivel de carreira profesional, onde a partir de certo nivel profesional maniféstase de xeito moi evidente o teito de cristal, así como a fenda salarial, chegando a unha diferenza de case 5.000 euros ao ano entre o salario dun home e o de unha muller.

Tamén se fixo fincapé no acoso que sofren as mulleres, tanto sexual como por razón de sexo, así como a discriminación do colectivo lgbtqi+, disparándose respecto das persoas trans.



Fenda Salarial e Acoso Sexual no Traballo



FENDA SALARIAL NA GALIZA				
	2009	2019	2020	2021
total	18.217	19.879	19.900	20.786
Home	20.271	22.038	21.887	22.818
Muller	15.594	17.511	17.720	18.590
Fenda de xenero	23,1%	20,5%	19,0%	18,6%
	4.677€	4.527€	4.167€	4.238€



Fenda Salarial e Acoso Sexual no Traballo



<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/07/fenda-salarial-e-acoso-sexual-no.html>


🌈 En maio leváronse a cabo varios **faladoiros sobre temática LGTBQIA+**, concretamente sobre a transexualidade e a transfobia, co obxectivo de traballar co alumnado a liberdade sexual, o dereito a que cada quen goce da súa orientación sexual, á identidade de xénero e a non discriminar nin ser discriminadas/os por razón de orientación ou identidade de xénero.

Co título **“Que é ser Trans?”**, **Lola Pulleiro**, estudante de enfermaría, ex-alumna do centro e activista trans desenvolveu varios faladoiros para o alumnado de TCAE Ordinario, 1º CS STI, CM XA-B, 1º CS AF e 1º CS IDMN nos que se trataron temas como terminoloxía lgbtqia+, a transición e os seus efectos, a transfobia e a nova lei trans.

<https://construindoigualdadnomella.blogspot.com/2023/07/que-e-ser-trans-en-maio-levaronse-cabo.html>







Obradoiros Que é ser Trans?



🎨 16 de maio desenvolveuse o Obradoiro sobre “Submisión Química e Protocolos de actuación”.

Submisión química e protocolos de actuación





No taller participou o alumnado do CM de Técnicas/os de Coidados Auxiliares de Enfermaría de Ordinario, e foi impartido por Rafael Fernández de Sanmamed San, xefe do departamento de sanitaria do IES.

Nel falouse das principais substancias utilizadas polos agresores para inducir a submisión, dos diferentes tipos de agresores sexuais e de tácticas ou recomendacións de actuación no caso de detectar que unha moza pode estar baixo os efectos dalgũa substancia tóxica que que a sitúe nunha posición de vulnerabilidade ante unha posible agresión sexual.

<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/submision-quimica-protocolos-de.html>

5.2. CLUB DE LECTURA DE IGUALDADE

🌈 Durante todo o curso **desenvolveuse tamén o Club de Lectura de Igualdade**, grazas ao apoio do coordinador xeral do Club de Lectura Henrique Salvador Estévez Hernández e ao alumnado que participou no mesmo, alumnado maioritariamente do 1º Curso do CS de Imaxe para o Diagnóstico e Medicina Nuclear.



O primeiro libro co que se traballou foi **“Ferreñas Rock and Roll”**. *“Este libro é un catálogo ilustrado a toda cor no que se outorga protagonismo a trinta e unha músicas ou formacións integramente femininas que marcaron un antes e un despois tanto nos seus respectivos estilos como no conxunto da música galega”*.


Con el estivemos os meses de outubro e novembro e participou alumnado de 1º CS IDMN, alumnado de Bacharelato e da FP Básica (familia Administrativo).

Ao remate do mesmo, o 2 de decembro Laura Romero, unha das autoras, achegouse ao centro para compartir con nos un pequeno faladoiro sobre o libro, as súas inquedanzas e de como xurdiu Ferreñas Rock and Roll. Unha agradable reunión onde falamos de lectura, igualdade e empoderamento das mulleres.



Para o **segundo libro** (nos meses de Xaneiro – Febreiro) foi a quenda de **“Corredora”**, un libro de María Raimóndez, unha historia colectiva de superación deportiva. Participou alumnado de 1º CS IDMN.

“A nena protagonista dende noviña o que máis lle gustaba era correr e correr polo ventre da montaña. Mais a fame, a guerra e a figura do pai obrígana a acompañar a súa nai e a pedir esmola polas rúas inseguras e caóticas de Addis Abeba. Alí, vendendo panos nos cruzamentos, Genet coñeceu a Abebe, un médico e voluntario da federación de atletismo que, sorprendido coa súa resistencia e velocidade, lle propón adestrar en Meskel Square. Dende entón, a súa vida mudará, como a doutras nenas, mozas e mulleres etíopes que corren contra si mesmas sen fin”. Así aparece na súa contraportada.



“Corredora” recolle a tradición atlética de Etiopía na busca activa de talentos entre as crianzas do rural ou empobrecidas nas cidades, ao tempo que reflexiona sobre a situación da muller nun país empobrecido onde as mulleres están destinadas a unha vida de sometemento e invisibilidade.

Nos meses de marzo e abril tocoulle á **terceira proposta: “As Ramonas”**, un libro de Ana Cabaleiro, no que a autora conta a historia de Mona Otero, *“unha muller loitadora e soñadora que persegue con ansia, e mesmo con desesperación, a súa meta de triunfar no mundo da arte.*



Toda a historia que se narra en *As Ramonas* emana do interior de sucesivos vehículos desde os que a protagonista nos vai amosando un rosario de factores que delimitan a súa existencia: a competitividade, a autoestima, os odios, a pobreza, a familia, o abandono, as aparencias, a falsidade do éxito, a dignidade" (<https://editorialgalaxia.gal/produto/as-ramonas/>).

O 18 de abril o grupo de 1º IDMN participou nun **faladoiro con Ana Cabaleiro**, que compartiu con nos como foi escribir *As Ramonas*.



O **cuarto e último libro** que traballamos no club de lectura este curso 2022-2023 foi "**Un cesto de mazás**". Tocoulle nos meses de abril-maio, coincidindo co mes dedicado a súa autora, Montse Fajardo, e coa saída que fixo o alumnado de FOL á Illa de San Simón. Neste último libro participou alumnado de 1º CS IDMN e 1º CS STI.

Un cesto de mazás fala "de foxas, batallóns, cárceres e exilio", das vítimas evidentes do 36, pero tamén das outras, de "viúvas obrigadas a sacar adiante soas aos seus. Criaturas orfas que non volven á escola porque non permítense a entrada a fillas de vermellos. Nais que saen pola noite a pasear por rúas escuras porque din vos lanuxes que a Santa Compañía anda cos mortos e elas queren ver ao seu fillo fusilado unha vez máis...". Para Montse Fajardo elas tamén son vítimas e por iso este libro "conta que pasou despois do fusilamento, do exilio, do cárcere...".





(Fonte: <https://pontevedraviva.com/cultura/22563/presentacion-cesto-mazas-montse-fajardo-memoria-victimas-guerra-civil/?lang=es>).

O 29 de maio o alumnado de 1º IDMN e 1º STI participou no **faladoiro con Monste Fajardo**, no que se estivo falando con sobre o libro.



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/segunda-tempada-do-club-de-lectura-de.html>

5.3. O TRABALLO REALIZADO POLO ALUMNADO

UN MES UNHA GALEGA: Como este ano o traballo en igualdade centrouse no empoderamento das nenas, no feminismo e a igualdade de oportunidades e na loita contra as violencias machistas, durante o curso adicouse cada mes a unha galega distinguida e de referencia, ao tempo que tamén se foron organizando tarefas con algunha delas.



<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/blog-post.html>



Ela

Fotos

¿Recrear fotos de la protagonista?

★ 1 x + ✎

Activista. Política

★ 1 x + ✎

Filosofía

O que di

Frases o contenidos importantes

Entrevista libro feminicidio

★ 0 x + ✎

DOCUMENTO FRASES (SUJETO A CAMBIOS)

<https://docs.google.com/document/d/1gR3GK01Y4yKVDGMB2-NoVdOsBaphVWokHlmt-VJCI/edit>

★ 0 x + ✎

Campañas

Trabajos con grupo de Igualdad

E Recetario de Igual...

★ 0 x + ✎

25 N

E Nada que celebrar...

★ 0 x + ✎

Fotos

Grupos de trabajo

- Selección de fotos. - Hacer las fotos. - "Modelos de las fotos": vestuario y pose. - Selección de frases/contenidos. - Edición del álbum.

★ 0 x + ✎

★ 1 x + ✎

★ 0 x + ✎

★ 0 x + ✎

Materiais

Cosas que necesitamos

★ 0 x + ✎

Bandera LGTBI

★ 0 x + ✎

+

ite

cia

Inés Vieitez

★ 0 x + ✎

Clara Piñeiro

★ 0 x + ✎

Diego López

★ 0 x + ✎

Andrea Estévez Puga

★ 0 x + ✎

Fran Veiga

★ 0 x + ✎

Aroa Iglesias

★ 0 x + ✎

Aitor Rodríguez

★ 0 x + ✎

Luis Emilio

★ 0 x + ✎

ana

★ 0 x + ✎

María Rodríguez

★ 0 x + ✎

Telmo alonso

★ 0 x + ✎



UN MES, UNHA GALEGA

Edición más reciente

Xullo - Maruxa Mallo Diseño	Diciembre - Concepción ... Diseño	Octubre - Antonia Ferrin Diseño	Setembro - Angeles Alva... Diseño	Novembro - Carme Adán Diseño	Agosto - María Pita Diseño
Xuño - Luz Casal Diseño	Maio - Elisa e Marcela Diseño	Febreiro - Rosalía de Cas... Diseño	Abril - Montse Fajardo Diseño	Marzo - Placeres Castella... Diseño	Xaneiro - Ángela Ruiz Ro... Diseño

Que é consentimento? Para o 25 de novembro o alumnado elaborou bocadillos co que para elas e eles significaba “CONSENTIMENTO”, o requisito básico dunha relación sexual san.

Así, a través da aula virtual propúxoselles a actividade, entregáronse cartolinas tamaño A4 para que debuxaran os bocadillos, escribiran a frase e decoraran o seu traballo.

Raquel Martinez

Que é consentimento?



Apenas ten dous meses a lei do “Solo Sí é Sí” e moito se leva falado xa de ela. Unha das cousas que máis se leva falado é o consentimento e como se debe recabar, escoitando auténticas atrocidades ou barbaridades cando nos detemos 2 ou máis minutos a revisar o argumentario nin sequera demasiado elaborado que predica o heteropatriarcado máis rancio, e que se estende como a pólvora entre a poboación máis crédula.

Esta actividade consiste en pensar e escribir una frase sobre o que é o consentimento, para logo pindurar do teito no hall da entrada principal.

Para poder ser avaliada, unha vez que teñas a frase feita, fállle unha foto e súbea a este espazo. Logo a orixinal entrégalla á profesora.

Data de prazo para entrega: Luns 21/11/2022 ás 18:30 horas.

Resumo das cualificacións

Agochar para os alumnos

Non



O resultado foi moi bo. Participou bastante alumnado, principalmente de ciclos formativos (CAE, CAE Dual, CS IDMN e CS STI)



Tamén se elaborou un panel para os corredores con mensaxes do que é consentimento e novas sobre agresións sexuais. Por último tamén se fixo un cartaz para a entrada do instituto.





<https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/e-consentimento-que-e-consentimento.html>

Regueifando contra o machismo. No mes de xaneiro, debido a que se dedicaba o mes a Leonarda de Tallo, propúxose ao alumnado que entre o grupo de clase elaboraran unha regueifa contra o machismo. A proposta, como sempre, a través da aula virtual.

Regueifando contra o machismo

Ver 24 entradas de diario

Que é unha regueifa? "Unha regueifa é unha canción entre dúas ou máis persoas que seguen un mesmo cantar ou ritmo durante o tempo que dura unha disputa sobre un tema determinado." Unha regueira é unha especie de pelexa de galos, unha **controversia entre dúas ou máis persoas en forma de verso, que manteñen unha disputa sobre unha temática ao ritmo dunha determinada música.**


E por que falamos de regueifas? Porque **Xaneiro é o mes de Leonarda de Tallo**, a primeira muller regueifeira que se coñece en Galicia.

Aquí vos deixo explicacións de como se regueifa e exemplos de regueifas. Mirade os vídeos porque logo..... É o voso turno!!!

COMO SE REGUEIFA



A REGUEIFA: UNHA DAS FORMAS DE IMPROVISACIÓN GALEGA



LUPE BLANCO REGUEIFANDO



En que consiste pois esta actividade? Pois en crear entre toda a clase unha regueifa contra o machismo, as desigualdades sexistas, os mitos do amor romántico, os estereotipos e roles de sexo, o acoso sexual, a sexualización e cosificación das mulleres ou calquera outra cousa que se vos ocorra e que encadre dentro da temática proposta.

Así, cada unha e cada un de vos debedes facer **minimo unha estrofa de a lo menos 4 versos** cada unha, nos que se "lle de caña ao machismo". Iredes incorporando as estrofas neste diario, de tal xeito que ao remate, podamos construír entre toda a clase unha regueifa feminista.

Lembrade tres cousas:

- Debe estar escrita en galego, e en formato de estrofa/verso
- Ollo coas faltas
- Poñede o voso nome na/s vosa/s estrofa/s

Limite de prazo para facer a entrega da tarefa: 31 de xaneiro 2023 ás 23:59 horas.

A actividade propúxose aos grupos de 1º CS STI e 1º CS IDMN. O resultado foi increíble:

Sheyla Couso Touriño
Última edición: Mércores, 1 de Febreiro de 2023, 19:14

Empatía que se vende
 pero cando son violada
 cuestionan a miña roupa
 culpánme por destapada

María Garrido López
Última edición: Venres, 27 de Xaneiro de 2023, 17:31

hoxe busco venganza
 por cada unha das tuas ameazas
 hoxe non teño medo
 de poñer o grito no ceo

Anastasija Doder
Última edición: Martes, 31 de Xaneiro de 2023, 22:40

Non o podemos comprender
 non o podemos tolerar
 que os homes sigan pensando
 que somos cousas a gañar
 e que si nós non queremos,
 cren que nos teñen que forza

María Arias Macías
Última edición: Luns, 30 de Xaneiro de 2023, 15:47

Non me digas que facer
 Eu decido o que poñer
 Non me veñas con parvadas
 Que eu sei moi ben como ser

Aixa Sanjorge Boullosa
Última edición: Martes, 31 de Xaneiro de 2023, 10:31

Agora alzamos a voz
 alzaremos as bandeiras
 loitaremos nós por todas,
 falaremos nós por elas.

Alison Santos Miranda
Última edición: Luns, 30 de Xaneiro de 2023, 15:46

Somos revolucionarias
 Agora pisamos forte
 Non necesitamos deles
 Somos o noso soporte

REGUEIFA FEITA POR ALUMNOS DE 1º CS SISTEMAS DE TELECOMUNICACIÓNS E INFORMÁTICA.

Hoxe imos á regueifa
 a loitar polas nosas irmás,
 que por culpa do de sempre,
 non voltaron respirar.....

Non volveron respirar
 as Mulleres asasinadas
 Isto ten que concluir
 Para que as almas queden sanadas

Para que as almas queden sanadas
 estas mociñas valentes,
 contra toda-las violencias
 hanche de saca-los dentes.

Hanche de saca-los dentes
 porque están todas fartas
 dos teus piropos de merda,
 e que lle miren ás faldas.

Hoxe ao machismo escribimoslle este verso,
 non deixaremos que nos venzan esta guerra,
 todos os machitos acabaredes presos,
 ao final imporemos nosa bandeira.

Que non che conte milongas ese parvo
 unidas contra a fenda salarial
 todas xuntas por un mesmo obxectivo
 sen estar debaixo dun teito de cristal

Sen estar debaixo dun teito de cristal
 Queremos todas avanzar
Esta sociedade tan machista
 Temos todas e todos que cambiar



As que contamos. Para o 8 de marzo propúxose a seguinte actividade ao alumnado:


As que contamos!!!!

A **tarefa de valores para o SM** consiste no seguinte:

As **moozas/mulleres** debedes buscar unha foto vosa de cando erades cativas ou máis noviñas. Coa foto faredes un documento no que por un lado apareza a vosa foto (á que lle podedes aplicar algún filtro) e pola tarde traseira contaredes algo sobre vos, cando tiñades a idade da foto (quen sodes, a idade da foto, o que vos gusta, o que vos din e o que queredes para o voso futuro ou o que pensabades que seríades). En total o traballo terá 2 páxinas.

Os **moozos/homes** faredes a tarefa cunha foto dunha muller da vosa casa (má, aboa, irmá, tia...).

Déixovos a miña como exemplo do que sería o resultado final do traballo.



Son Raquel, teño 6 anos e son de Valdeás,
 unha parroquia do concello de Barro.
 Gústame moito xogar coas miñas amigas.
 Xogamos á combo e á goma, aínda que
 tamén xogamos ao brlé na parada do
 autobús que nos recolle para o ir ao
 colexio.
 Máis avoa sempre me di que non dependa
 de ningún cando sexa maior, que me vallo
 por min mesma.
 Dígole que quede tranquila, que de maior
 vou ser policía, aínda que cando
 teña 16 anos vou querer ser periodista
 corresponsal de guerra....
 Non sei, aínda que da igual... seica o que
 sexa..... VALEREIME POR MIN MESMA.

A idea é que para a próxima semana polo instituto se expoñan as fotos de todas as mulleres anónimas que todos os días convivimos no instituto (e das mulleres referentes dos rapaces que están no IES) visibilizándolas como parte da sociedade, como mulleres referentes que foron, son ou serán algún día, como persoas que teñen moitas cousas que contar, como **PERSONAS QUE CONTAN!**

Para facer o traballo podedes utilizar a aplicación CANVA que vos ofrece numerosos filtros e estilos para modificar as fotos. Podedes acceder dende **AQUI**.

Unha vez feito, descargádelo en formato .jpg e PDF e entregádelos aquí, nesta tarefa para poder imprimilos.

O que se pretendía era visibilzarnos todas como mulleres loitadoras, traballadoras, reivindicativas dos nosos dereitos..... valernos como referentes das nosas crianzas e das que veñen. Na tarefa participou profesorado e alumnado maioritariamente de ciclos formativos. (CAE, CAE Dual, CS IDMN e CS STI).



https://construindoigualdadenomella.blogspot.com/2023/07/blog-post_3.html



Na **materia de Francés co alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato**, contribuíuse a este proxecta coa seguinte actividade: Atribuíuse unha muller francófona a cada persoa.

O alumnado tivo que entregar a través da aula virtual un traballo individual redactado en francés no que figurasen os elementos seguintes: unha foto da personaxe, o seu nome, as coordenadas do lugar de nacemento e unha breve descrición que terían tirado de diferentes fontes na rede.

Utilizouse un modelo en Word de maneira que puideran entregar un traballo uniforme e manipulable.

Finalmente, os produtos finais foron consolidados e subidos a Google Earth pola profesora e expostos aos alumnos durante unha sesión.

A actividade de investigación leva ligada unha rúbrica. No seguinte enlace pódese ver o resultado desta actividade do grupo de 4º da ESO:

<https://earth.google.com/web/data=MkEKPwo9CiExRXJaS3czOUxOLTQ1M1VKXzVLSFRwLWJBNkhMcGRDNWcSFgoUMDE5REI1OTk1MjJBMTI5OEJDRElgAQ?authuser=0>



Avaliación: Avaliouse dun xeito cuantitativo cualitativo a resposta do alumnado, valorando a súa implicación e satisfacción co programa. Neste caso e ao tratarse de traballos escritos, avaliouse cunha rúbrica .



Ademais do acto celebrado no recreo onde se visibilizou a situación actual da violencia de xénero, participamos no concurso de escritura de Lalín "Dillo a quen maltrata" coas cartas do alumnado¹¹.

Indicar que tamén participaron no certamen centros educativos, como os IES Arcebispo Xelmírez I, As Barxas, As Telleiras, Canido, Castelao, Dionisio Gamallo Fierros, Fontelmabei, Illa de Ons, Ricardo Mella, San Mamede, San Rosendo, IES de Valga, IES Vilalonga, CEIP Canosa-Rus, Colexio Vigo, CPI Antonio Faiñe e CPI de Zas. O fallo do xurado terá lugar o 15 de novembro. ARCA

Lalín recibiu 107 cartas para 'Dillo a quen maltrata'



Begoña Blanco, concelleira de Cultura de Lalín

Lalín. Na XIX edición do concurso de cartas Dillo a quen maltrata participaron un total de 107 persoas de diversos lugares da xeografía galega, segundo avanzou a concelleira de Cultura do Concello de Lalín, Begoña Blanco.

Caixas contra a LGTBQifobia, O venres 17 de maio é o Día Internacional contra a Homofobia e a Transfobia polo que se traballou a visibilidade destes colectivos que forman as siglas LGBTQI+. Decidiuse encher o recibidor do Instituto de caixas con frases, pequenas biografías, fotos e bandeiras propias de cada grupo, e amosamos ao todo o alumnado as seguintes referentes:



Samantha Hudson


"A partir de agora me declaro queer platónica porque cuando empiezo a tener sentimientos, normalmente por un chico gay, de repente ya no tengo el impulso sexual y solo quiero dormir abrazada. Es que solo tengo ese sentimiento de manera genuina. Aquí va mi alegato sobre las nuevas relaciones platónicas de amor, sobre todo entre la gente queer".

"Lo que hay que reivindicar son formas de amor, de cariño y de relación que partan desde el respeto y que estén edificadas en unos sedimentos con los que tú te sientas a gusto y te correspondas".



Tilda Swinton

"Para mí, ser queer tiene que ver con la sensibilidad" "Siempre he sentido que era queer. Solo estaba buscando mi circo queer y lo encontré. Y al encontrarlo, vi que es mi mundo"



11 https://www.elcorreogallego.es/ocorreodedeza/lalin-recibiu-107-cartas-para-dillo-a-quen-maltrata-MH12518433



🌈 **“As mulleres da medicina”**: Co gallo do día da muller, o alumnado profundizou na invisibilidade que sufriu e segue experimentando a muller no campo científico, e en concreto no campo da medicina. Neste campo, a muller enfrentouse tradicionalmente a unha discriminación profesional e unha relegación a roles secundarios. Con esta actividade, pretendeuse dar voz e visibilidade ás aportacións e logros que, ó longo da historia, as mulleres tiveron no eido da medicina.

Individualmente, o alumnado indagou sobre unha figura feminina importante no campo da saúde e cada un deles elixiu a súa favorita, á que tivo que investigar. Posteriormente, o conxunto do grupo elaborou un documento común no que se reflexe en cada páxina as contribucións que tiveron cada unha delas á saúde.

A tarefa entregouse a través da aula virtual:

UD4. Historia da enfermería

- Proxecta Donas de si: "As mulleres da medicina"
- UD4. Historia da enfermería_temario
- UD4. Presentaciones clase
- Ejercicios medicina en la Edad Antigua
- Ejercicios medicina en la Edad antigua_soluciones
- Ejercicios Historia enfermería



Proxecta Donas de sí: "As mulleres da medicina"

As

Para conmemorar o día da muller, elaboraremos un documento grupal onde visibilizaremos o papel que tivo a muller no mundo da medicina.


O documento de cada alumna consistirá nunha páxina que inclúa:

- Nome da muller elixida
- Data de nacemento e data de falecemento
- Resumo das contribucións ou importancia que tivo dita muller nalgún campo da medicina (enfermería, farmacoloxía, anatomía, psicoloxía...)
- Resumo das implicacións que tivo a súa labor na igualdade de xénero.

O documento deberá cumprir co seguinte formato:

instrucións da tarefa foron as seguintes:

O documento deberá cumprir co seguinte formato:



O documento elaborárase a través da aplicación colaborativa de canva, que encontraredes no [neste link](#).

Os requisitos mínimos de avaliación para que o traballo sexa considerado como apto son os seguintes:

1. O documento inclúe tódolos apartados mencionados: foto, nome, datas e aportacións á medicina e á igualdade de xénero.
2. A foto elixida é unha foto de tamaño grande, sen pixelacións nin marcas de auga.
3. O tamaño de letra e tipografía cumpre cos requisitos establecidos en clase.
4. Existe unha cohesión perfecta na aparencia visual do documento presentado co exemplo e portada do traballo.
5. O traballo estará realizado en lingua galega e non terá faltas de ortografía.
6. A alumna demostra que invertiu máis dunha ou dúas horas na realización do traballo, presentando unha redacción concisa pero que reflexe que coñece en profundidade a vida da muller elixida. Aquelas redaccións superficiais, xerais e sen aportacións de valor serán consideradas como non aptas.
7. A alumna demostra que consultou máis bibliografía que a aportada no módulo de historia da enfermería.
8. A alumna demostra creatividade e dominio das ferramentas informáticas de elaboración de carteis e documentos.
9. O traballo é entregado a tempo: cada alumna deberá descargar a súa páxina do traballo e subila (en formato pdf de ordenador) a esta tarefa. A data de presentación da tarefa remata o día 07 de marzo ás 15.00h.

As evidencias e resultados acadados móstranse no seguinte enlace de canva:

https://www.canva.com/design/DAFclF4LNJ8/B7TnrORwJ97P0iFARct_9g/view?utm_content=AFclF4LNJ8&utm_campaign=designshare&utm_medium=link&utm_source=publishsharelink



Margaret Sanger
 (1879-1966)



Foi unha **enfermeira** estadounidense, activista a favor da educación sexual, a **suaveza** e fundadora da "American League for Birth Control", tamén abriu a Oficina de Investigación Clínica para o Control da natalidade e difundiu información sobre métodos anticonceptivos. En 1916 Sanger abriu a primeira clínica de control do crecemento dos Estados Unidos en Nova York, desafiando a anticoncepción hormonal contemporánea, desde a pílu-la ata o parche anticonceptivo, o anel e a injección que se usan na actualidade, xurdindo das ideas de Sanger.

Como **muller**, Sanger consideraba que a verdadeira igualdade das mulleres estaba unha maternidade gratuita, é dicir, que as mulleres poidan decidir se querían ter fillos, cando e canto, e tiña a idea de que cada muller é responsable do seu propio destino, e que os anticonceptivos foron a clave da liberación sexual. A súa opinión fundamental era que a planificación familiar non só era o primeiro paso esencial para a igualdade de dereitos das mulleres, senón que tamén era esencial para o rápido crecemento da poboación, dixo que así mulleres son a clave para evitar a superpoboación e a pobreza. El prometeu axudar ás mulleres a escapar da pobreza, enfermidades e mortes debido ao exceso de embarazos. Escribiu moitos libros sobre o corpo das mulleres e tamén sobre o control da natalidade chamado "ensinado familiar" que axudaban ás mulleres pobres que non podían pagar os anticonceptivos para evitar embarazos non desexados.

Elizabeth Garrett Anderson
 (1836 - 1917)



Doutorada en medicina. Fundou o dispensario St. Mary's Dispensary for Women en Chelsea, unha das zonas máis pobres de Londres, en Inglaterra. Debido ao brote de cólera na cidade, Elizabeth decidiu converter o dispensario no New Hospital for Women, hospital que permitiu que as mulleres pobres recibiran axuda médica de practizantes femininas cualificadas. Colaboradora de "School of Medicine for Women de Londres onde traballou con Elizabeth Blackwell a quen admiraba como científica ademais de po-la súa luta en por dos dereitos das mulleres. Escribiu para ser parte da Asociación Médica Británica. A súa actividade médica foi reflexada en numerosos artigos científicos, en diarios e revistas.

Elizabeth foi a primeira muller de Gran Bretaña en exercer a medicina tras a súa ardua luta por ser aceptada nas escolas de medicina na que, pola súa condición de ser muller, negábase a admisión ás mesmas escolas, logrou ser **alcaldesa** de Aldershot, a primeira alcaldesa en Gran Bretaña, foi a primeira muller doxente en Medicina de Reino Unido, primeira decana dunha escola de medicina británica e **unha das pioneiras do feminismo británico** destacando a súa loita activa en por do movemento do sufraxio feminino.

Elizabeth Blackwell
 (1821-1910)



Foi unha **médica** británica, a primeira médica e a mellor da súa promoción en E.E.U.U. xunto coa súa irmá menor e clínica de nova York para mulleres e nenas, indíctense onde a súa pianista era totalmente conformada por mulleres, tamén desenvolveron a facultade de medicina Women's Medical College of the New York Infirmary, con un enfoque no rigor académico e a formación práctica que a púso por encima das escolas para homes.

Como **muller**, o seu lema era que a humanidade non alcanzaría a iluminación ata que as mulleres demostraran que eran capaces de calcular cousas que elixían, e que este logro era unha cuestión de talento e esforzo, non de sexo, ademais na lingüaxe da época, era unha abstracción, algún que operaba nas sombras e no labio equivocada da lei. Despois do estado da Guerra Civil estadounidense en 1861, as irmás Blackwell redactaron un chamamento ás mulleres de Nova York, superando a selección e capacidade de enfermeiras para enviar ao fronte. Dedicouse á defensa da saúde pública, facendo campaña contra as Leis de Enfermedades Contaxiosas, que hospitalizaban ás prostitutas polo forzo en lugar de centrarse nos homes que as infectaban, unha adxudada ao seu tempo, supoñendo unha decisión que na actualidade serían incoercibles.

Patricia Bath
 (1942-2019)



Oftalmóloga, inventora e académica. Centrouse en apoiar tratamentos para a cegueira e a discapacidade visual. En 1969, ela e outros médicos realizouse a primeira cirugía-láser no Centro Hospitalario de Harlem. A dedicación de Bath ao tratamento e a prevención da cegueira levouna a inventar "a sonda catárica laser" (1980) e desenvolver para a cirugía de lentes co-láser (1999). "Método de "Aréola" pulido para fragmentar emulsións e eliminar lentes con cataratas" (2000). "Método e algoritmo de combinación de láser e laser para eliminar lentes de plástico" (2002).

Como **muller afroamericana** enfrentou moitos obstáculos, dixo coas súas propias palabras: "O sexismo, o racismo e a pobreza relexivo foron os obstáculos que enfrentando era unha nena que creceu en Harlem. Non contaba a mulleres, médicos e a corrala era unha profesión dominada por homes, non existían figuras inspiradoras en Harlem, unha poboación predominantemente negra". Debido á súa constancia, perseverancia e acción profesional, Bath mudou o mundo e a vida a propósito que escribiu o libro trasunto máis de 30 anos, converténdose en pioneira de mulleres líderes e homes. Un dos seus reserantes é que é a **primeira muller afroamericana** en recibir unha patente con traballo médico.

🌈 **“Desigualdade de xénero na profesión enfermeira”**: Na unidade da historia da enfermería o alumnado participou nun debate sobre a repercusión que tivo para a profesión de enfermería que esta estivese ligada á muller ó longo da historia.

🌈 **OUTRAS ACTIVIDADES realizadas durante o curso co alumnado relacionadas coa igualdade, diversidade afectivo sexual e a prevención da violencia contra a muller.**

Durante o curso realizáronse moitas máis actividades nas que se traballou por parte do profesorado participante neste Proxecto os contidos de igualdade, diversidade afectivo sexual e a prevención da violencia contra a muller. Tamén os traballos realizados nos Proxecto Xente con Don e Aliméntate Ben vencellados coa Igualdade e a Prevención da Violencia de Xénero. Todas esas actividades poden verse no blogue de igualdade **“CONSTRUÍNDO IGUAIS NO MELLA”**

6. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN UTILIZADOS E RESULTADOS OBTIDOS

Para a avaliación do Proxecto realizáronse reunións periódicas do profesorado implicado, que tiñan como obxectivo facer unha valoración das actividades realizadas. Tamén se recolleron aspectos negativos, erros que se cometeron e dificultades que foron xurdindo segundo avanzaba o curso, a fin de poder corrixilos nas sucesivas actividades.

En relación á resposta do alumnado, a valoración vai encamiñada a ver a súa implicación na realización das actividades, en como interiorizan os conceptos, experimentando unha evolución entre a persoa que chegou a principio de curso e a que marcha agora. Utilizamos tamén a observación e os comentarios que entre elas e eles se podían deixar a través das redes sociais e do propio Instagram que ten o grupo de igualdade do instituto.



Tamén a incorporación de novas persoas o grupo de igualdade do centro podería tomarse como medidor do impacto das actividades desenvolvidas.

A previsión inicial de impartir 2 faladoiros sobre o a Lei de Liberdade Sexual e o Consentimento a cargo dunha avogada especializada no tema, 1 faladoiro “Desmontando as masculinidades hexemónicas” a cargo de Celso Taboada, 4 faladoiros sobre Signar nas Aulas (dos que so se puido facer 1) e o 2 faladoiros sobre Diversidade Afectivo Sexual a cargo de Cristina Palacios finalmente non puideron desenvolverse debido á falta de presuposto, o cal incluso se viu reducido con respecto ao asinado ao centro o ano anterior.

A elaboración de chapas, pulseiras e camisetas tamén se tivo que replantexar xa que non dispoñíamos de presuposto para iso. Deste xeito todo o material elaborado polo alumnado ten formato dixital.

Todas as actividades realizadas están documentadas graficamente, explicadas e colgadas no Blog Construindo Igualdade no Mella, tanto as que coincidiron con datas marcadas como as que se foron realizando independentemente do tempo no que se realizara. Consideramos que este tipo de actividades deben estar realizándose constantemente ao longo de todo o ano, independentemente de datas.

Repercusión do traballo fora do centro educativo e mediante a publicación do mesmo en medios dixitais.